



C O N C E L L O

DE

FORNELOS DE MONTES

(PONTEVEDRA)

D. JACOBO MANUEL RAYÓN CEDEIRA, Secretario-Interventor no Concello de Fornelos de Montes,

CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria celebrada o día vinte e dous de decembro de dous mil vinte e tres, adoptou, entre outros, o acordo do que o seu contido se transcribe na súa literalidade, a expensas do que resulte da aprobación definitiva da acta:

“

7º.- Expediente 669/2023. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á APA DO COLEXIO PÚBLICO DR. SUÁREZ DE FORNELOS DE MONTES.

Vista a solicitude presentada o 21 de novembro de 2023 (Rexistro de entrada nº 2023-E-RE-471) de axuda económica presentada por D.ª María Guadalupe Darriba Alvaríño con DN. nº 77.409.272-N en calidade de representante legal da APA do colexio público Dr. Suárez de Fornelos de Montes con CIF nº G-36.344.752, no que solicitan unha subvención por importe de dous mil euros (2.000,00 €) para a organización das actividades festa fin de curso, festa de nadal, material educativo e plan madruga (para conciliación familiar) (expte. nº 669/2023).

Visto que entre os obxectivos do Concello atópase o de cooperar coa comunidade educativa.

Tendo en conta que na base de execución vixésimo primeira do orzamento do exercicio 2023, recóllese unha subvención nominativa a favor da APA do colexio público Dr. Suárez de Fornelos de Montes.

Vista a existencia de crédito na partida orzamentaria 326.48 no citado orzamento.

Previa deliberación a Xunta de Goberno Local, por delegación por Decreto de Alcaldía de 21 de xuño de 2023 das competencias atribuídas no artigo 21.1.s) da Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61.1. s) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, por unanimidade dos seus membros presentes, adopta o seguinte acordo:

Primeiro.- Conceder á APA do colexio público Dr. Suárez de Fornelos de Montes con CIF nº G-36.344.752 unha subvención nominativa polo importe de dous mil euros (2.000,00 €), para a organización das actividades festa fin de curso, festa de nadal, material educativo e plan madruga (para conciliación familiar), e aprobar o gasto correspondente na partida 326.48 do orzamento vixente pola mesma cantidade, por estar previsto na base núm. 21ª das de execución do orzamento xeral do Concello para o exercicio 2023.

Segundo.- Proceder a asinar o convenio de colaboración entre o Concello de Fornelos de Montes a e a APA do colexio público Dr. Suárez de Fornelos de Montes, de conformidade co previsto no artigo 28 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.





Tel. 986 76 84 09

Fax 986 76 84 11

C O N C E L L O

D E

FORNELOS DE MONTES

(PONTEVEDRA)

Terceiro.- Notificar o presente acordo á interesada.....”

O que se expide aos efectos oportunos, co visto e praxe do Sr. Alcalde, D. Emiliano Lage Rodríguez, en Fornelos de Montes, na data da sinatura electrónica.

O secretario-interventor

**Vº e praxe
O alcalde**

